

Guía de observación

Revisa todas as dimensións de diferenciación curricular da tarefa ou proxecto e intenta melloralas:

	INDICADORES	SI	NON
C O N T E X T O	Existen diferentes tipos ou posibilidades de agrupamentos?		
	Empréganse diferentes espazos ou localizacións ao longo da tarefa?		
	Modifícanse os roles dos participantes no desenvolvemento da tarefa?		
	Adáptanse os tempos ao alumnado e ao tipo de actividade?		
	Os recursos materiais son variados, versátiles, auténticos, adaptados?		
	Xérase un clima emocional divertido, emocionante e motivador?		
P R O D U T O	Existen produtos en diferente soporte ou estilo expresivo?		
	Existen produtos de diferente grao de dificultade de execución?		
	Permítese a escolla do formato/canle da expresión do coñecemento?		
	Admítese a presentación da información adaptada ao nivel individual?		
	Preséntase a información ou coñecementos a distintas audiencias?		
	Posibilítase a mellora das producións unha vez feitas?		
C O N T I D O	Existen actividades simples e complexas?		
	Empréganse fontes de información de distintos niveis de complexidade?		
	Permítese o afondamento individual no contido a estudar/investigar?		
	Permítese o afondamento grupal no contido a estudar/investigar?		
	Foméntase a relación entre ideas, coñecementos e experiencias?		
	Ofrécense preguntas de resposta pechada e aberta?		
	Ofrécense cuestións ou problemas de final aberto?		
P R O C E S O	Existen diferentes formas de ensinanza do profesorado?		
	Planifícanse actividades que atendan aos diferentes ritmos de traballo?		
	Planifícanse actividades que atendan aos diferentes intereses?		
	Hai actividades con distinto grao de axuda dos pares e do profesor/a?		
	Hai actividades para realizar de forma totalmente autónoma?		
	Inclúense distintos procedementos e instrumentos de avaliación?		
	Inclúense distintos momentos e axentes avaliadores?		
	Preséntase unha secuencia flexible de traballo?		
D O C E N T E	Introdúcense actividades motivadoras de aprendizaxe?		
	Adquire diferentes roles durante o desenvolvemento do traballo?		
	Guía e orienta ao alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe?		
	Brinda apoio diferenciado a cada equipo ou alumno/a?		
	Crea ou improvisa novos recursos e actividades durante a propia tarefa?		
	Dinamiza e promove un clima emocional favorable para a aprendizaxe?		
	Comparte as súas propias experiencias e intereses na aula?		